

Ana
DIZ

Carmen
HERMO

Pablo
ORZA

Susana
TRILLO

XUNTA DE GALICIA

CONSELLEIRO DE CULTURA E COMUNICACIÓN SOCIAL
Jesús Pérez Varela

DIRECTOR XERAL DE PROMOCIÓN CULTURAL
Homero José M^a Pérez Quintana

SUBDIRECTOR XERAL DE PROMOCIÓN CULTURAL, LIBRO E BIBLIOTECAS
Xavier Senín Fernández

COORDINACIÓN
Blanca Rodríguez Alvariño

COLABORADORES
Margarita Rueda
Dolores García Vaamonde

MONTAXE
Xavier Diz

DESEÑO
Antonio Castro Ferreiro

FOTOGRAFÍAS
Xenaro Martínez Castro

TEXTOS
Alicia Borges
Severino Penelas
Julio Fdez. Argüelles
Isidro Dubert

TRADUCCIÓN
Anosar

SEGUROS
Aurora Polar

Depósito Legal: C-1358-1996
I.S.B.N.: 84-453-1790-3

ANXOS, BALEAS, MARIÑOS E SEREAS

Ó rematar aquel verán, Carmen pintaba a pracer no seu estudio cando unha brigada de vintecinco anxos baixou do ceo para pintar o mar. Todos decididos comezaron a bater as aliñas e remexeron as augas para fabricar a espuma branca coa que clarearían o mar, pero entre aqueles seres voluntariosos agochábase un anxo exterminador coa intención de amolar o proxecto. Mentres os seus compañeiros puñan todo o seu empeño no traballo, o anxo perverso, afastado e ás escondidas, espallaba unhas sementes negras que se disolvían na auga ensuciándoa aínda máis.

Unha balea branca cunha fame voraz sentiuse atraída por aquel estraño plancto e achegouse coa boca aberta, tragando o anxo exterminador co seu frasco de pastillas noxentas. Dentro do estómago do animal produciuse unha gran revolución que o arrastrou nunha espiral ata o fondo do mar. Entre berros afiados e transformacións vertixinosas, un insólito monstro xurdiu das augas convertido nunha balea-bidón. De súpeto, o frasco transformárase nun xigantesco bidón que lle cubría medio corpo, as pastillas saían agora como enormes bólas que tinxían a auga na que se desfacían, e a balea estaba tan negra que non se vía o anxo causante daquela catástrofe que ameazaba con desolar os sete mares e os cinco océanos.

Axiña se estendeu o pánico entre os mariñeiros e as xentes do interior. Os gobernos e as industrias multinacionais reuníronse para buscar unha solución, mais non chegaban a un acordo. Fixeron unha chamada de auxilio ós profesionais de recoñecido prestixio e apareceu un vello lobo de mar, Ulises, ó que alcumaban o Capitán Acabado. A súa estratexia consistiría en loitar coas mesmas armas. ¡A grandes males, grandes remedios! A bordo dun superpetroleiro ultramoderno partiu desde unha gran factoría e comezou a espesar o mar vertendo toneladas de chapapote pola popa. Así esperaba o momento no que a balea-bidón quedase varada no medio daquela pasta negra. Entón poderían analizar o monstro, obter un antídoto e logo emprender os labores de limpeza. A empresa era descomunal, mais cos homes nunca se sabe.

Mentres, desde o ceo divisábase a terra con dúas grandes manchas que se espallaban por toda a superficie mariña. Pensaron que os anxos foran os culpables e de contado foron chamados á orde, sometidos a xuízo e encerrados na sentina da arca de Noé. Aflixidos pola tremenda inxustiza, pero impotentes na súa represión, os anxos puxéronse a chorar desconsoladamente. Foi tal o caudal de bágoas que a piques estiveron de asolar a embarcación de non ser polo embude que servía de sumidoiro. Pero quixo a divina providencia que aquel regueiro de laios atravesara as nubes celestiais e fora parar directamente ó mar, no sitio xusto no que as mareas negras da balea-bidón e do superpetroleiro de Ulises ameazaban con encontrarse.

Naquel preciso lugar, unha mocíña pescaba desde a súa barca allea a todo o que sucedía. Tan allea que nin sequera se estrañou polo zarrapqueo que causaban ó redor do seu anzol as bágoas que caían desde o ceo. Descendían invisibles, pero ó mergullarse na auga afundíanse como pingas de lapislázuli, creando círculos concéntricos e refulxentes. As ondas das bágoas estendéronse ata chegar á balea-bidón que acelerou o seu ritmo cara a aquel fenómeno. Ansiosa dun bocado refrescante que a aliviara da apócema negra que remexía nas súas tripas, tragou o anzol.

Na superficie, a rapaza reaccionou ó sentir o tirón, e nun abrir e pechar de ollos comezou a recoller o fio a toda velocidade. Loitou con todas as forzas e tirou ata que a cana estivo a piques de rachar. Un último esforzo e ¡zas! produciuse un grande estrondo, como se se desatara o lazo que une as portas do ceo e do inferno. Pero saíu coa súa. ¡Vaia se non!


O bidón saíu disparado polos aires ata caer na proa do superpetroleiro que xa estaba cerca. Co susto e o impacto, Ulises caeu da ponte de mando e acabou de cabeza no seu interior. Unha vez desencaixado, contemplaba atónito como unha serea, muda e avergonzada, saía do bidón coa súa cola toda empastada de negro.

Mentres, a balea, liberada do seu corpiño e por causa das cóxegas que lle facía o anzol, esbirrou con forza cubrindo os catro puntos cardinais cunha chuvisca de arco da vella que deixou as augas limpas e transparentes.

Ulises, apesado pola serea, tomouna nos seus brazos e xuntos emprenderon rumbo descoñecido na barca que abandonara a rapaza. Mais non estiveron sós na travesía, porque do ceo baixaron dúas dúcias de peixes voadores enredados nunha rebuldaina, mentres unha balea branca pechaba a comitiva lanzando o seu chorro en forma de corazón.

¿E que lle ocorreu á moza mariñeira? Pois como poderedes imaxinar, Carmen regresou nadando ata o seu estudio para rematar de pintar o cadro final deste conto.


Severino Penelas
Pontevedra, setembro do 1996



Cala Dero
Mixta
192x122 cms.
1996



1978
1979
1980-1981
1982



Sardiña - Serea
Mixta
150x200 cms.
1996




Mutantes
Tríptico independiente
Mixta
100x100 c/u
1996



Cara Col Cola
Mixta
114x89 cms.
1996

CARMEN HERMO



Naceu na Coruña, licenciada pola Facultad de Bellas Artes de Salamanca en 1990.

1990: - Bolsa de pintura en Novos Valores, na XIX Bienal Internacional de Arte da Deputación Provincial de Pontevedra.

1988: - 1º Premio de Pintura e 1º Premio de Debuxo, no V Certame de Artes Plásticas para Mozos.

- 2º Premio no V Concurso de Pintura de Vilagarcía de Arousa.

EXPOSICIÓNS

Individuais

- 1992 Galería Severo Pardo. Vigo.
- Teatro Principal. Pontevedra.

Exposicións colectivas

- 1995 As Novísimas. Casa das Artes. Vigo.
- 12 artistas de Galicia. Kultur-Modell. Passau. Baixa Baviera. Alemaña.
- Nordesía. 11 artistas de Galicia. Centro Cultural del Conde Duque. Madrid.
- Nordesía. 11 artistas de Galicia. Casa da Parra. San Martiño Pinarío. Santiago.
- Mar de Fondo. San Martiño Pinarío. Santiago de Compostela.
- Artistas por Ruanda. Médicos sen Fronteiras. Casa das Artes. Vigo.
- 1994 Notas a pie de páxina. Sala de Arte de Caixa Pontevedra.
- Mare Marginis. Pazo Provincial da Deputación. Pontevedra.
- III Bienal de Artistas Galegas. Casa das Artes. Vigo.
- I Feira do Debuxo. Vigo, A Coruña, Pontevedra.
- 1993 10 críticos / 10 artistas. As imaxes e as palabras. Estación Marítima. Vigo.
- Trazos e Camiños. Arte Galega, Xacobeo 93. Itinerante.
- Pequeno formato. Sala de Arte de Caixa Pontevedra.
- Voilà la femme II. Ateneo Sta. Cecilia. Marín.
- 1992 Novos Valores. Memoria dunha década. Teatro Principal. Bienal da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Artistas Galegos. Itinerante: concellos de Cerdedo, Forcarei e Vilaboa.
- Voilà la femme. Ateneo Sta. Cecilia. Marín.
- Grandes artistas, Pequenos formatos. Delegación de Cultura. Pontevedra.
- 1991 A Mirada Transgresora. Teatro Principal. Pontevedra.
- II Bienal de Arte. Concello de Cambre. A Coruña.
- 1990 Fragmentos. Teatro Principal. Pontevedra.
- I Bienal de Arte, Fundación Araganey. Santiago de Compostela.
- 1989 Colectivo 6. Teatro Principal. Pontevedra.
- I Certamen de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo. A Coruña.
- I Mostra Unión Fenosa. A Coruña.
- I Bienal de Arte de Facultades de BB.AA. de España. Tenerife.
- 1988 X Bienal de Arte. Novos Valores. Deputación de Pontevedra.
- 1987 IX Bienal de Arte. Novos Valores. Deputación de Pontevedra.

ISBN 84-453-1790-3



9 788445 317907